



CIRCULAR 7/2013 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA SOBRE A ORGANIZACIÓN DOS NIVEIS BÁSICO E INTERMEDIO DAS ENSIANZAS DE INGLÉS DE RÉXIME ESPECIAL NA MODALIDADE DE EDUCACIÓN A DISTANCIA, MEDIANTE O PROGRAMA *THAT'S ENGLISH!* PARA O CURSO 2013-2014.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación dedica o capítulo VII do Título I ás ensinanzas de idiomas. No seu artigo 59.1 organiza unha estrutura destas ensinanzas en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Así mesmo, o artigo 60.3 da citada Lei establece que as Administracións educativas poderán integrar nas Escolas Oficiais de Idiomas as ensinanzas de idiomas a distancia e, no seu desenvolvemento, o Real Decreto 1629/2006, de 29 de decembro (BOE 04/01/2007), fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Na Orde ESD/1742/2008, do 17 de xuño, do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (BOE 19/06/08) establécense os currículos dos niveis básico e nivel intermedio das ensinanzas de réxime especial do idioma inglés a distancia.

Co fin de garantir a correcta implantación destas ensinanzas e a consecución dos fins previstos, así como de unificar os criterios de actuación nos distintos centros educativos nos que se ofertará a modalidade de inglés a distancia, a través do programa *That's English!*, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa considera oportuno ditar as seguintes instrucións:

1. DESCRICIÓN E ORGANIZACIÓN DOS CURSOS

1.1. Estas instrucións teñen por obxecto establecer a organización académica dos niveis básico e intermedio do idioma inglés das ensinanzas de idiomas de réxime especial, coas oportunas adaptacións curriculares para a súa impartición a través da modalidade a distancia.

1.2. A denominación destas ensinanzas na modalidade de educación a distancia é *That's English!*

1.3. Co fin de equiparar as modalidades presencial e a distancia das ensinanzas de réxime especial de inglés, a partir do curso 2011-2012 comezou a implantación dun novo plan de estudos para *That's English!* que permitirá cursar os niveis básico, intermedio e avanzado, e que terán como referencia as competencias propias dos niveis A2, B1 e B2, respectivamente, do Consello de Europa, segundo se definen estes niveis no Marco Europeo Común de



Referencia para as Linguas. No curso 2011-12 implantouse o primeiro curso do nivel básico (módulos 1 e 2), no curso 2012-13 implantouse o segundo curso do nivel básico (módulos 3 e 4) e no curso 2013-2014 implantarase o primeiro curso do nivel intermedio (módulos 5 e 6) consonte o novo plan de estudos 2011 de *That's English!* Mantense o plan de estudos *That's English!* de 2008 para o segundo curso do nivel intermedio, segundo se indica na táboa seguinte:

CURSO 2013-2014

THAT'S ENGLISH! • PLAN DE ESTUDOS 2011		
1º NIVEL BÁSICO	MÓDULOS 1, 2	Implantado en 2011-2012
2º NIVEL BÁSICO	MÓDULOS 3, 4*	Implantado en 2012-2013
1º NIVEL INTERMEDIO	MÓDULOS 5, 6	Implántase en 2013-2014
2º NIVEL INTERMEDIO	MÓDULOS 7, 8	<i>Pendente de implantación</i>
1º NIVEL AVANZADO	MÓDULOS 9, 10	<i>Pendente de implantación</i>
2º NIVEL AVANZADO	MÓDULOS 11, 12	<i>Pendente de implantación</i>

THAT'S ENGLISH! • PLAN DE ESTUDOS 2008		
1º NIVEL BÁSICO	MÓDULOS 1, 2, 3	<i>Extinguido en 2011-2012</i>
2º NIVEL BÁSICO	MÓDULOS 4, 5*	<i>Extinguido en 2012-2013 Mantense a recuperación do módulo 5 do plan 2008 pendente (proba de certificación do nivel básico), sen dereito a apoio titorial</i>
1º NIVEL INTERMEDIO	MÓDULOS 6, 7**	<i>Extinguido en 2013-2014</i>
2º NIVEL INTERMEDIO	MÓDULOS 8, 9*	Mantense en 2013-2014

* Ao remate do módulo 4 (plan de estudos 2011) e do antigo módulo 5 (plan de estudos 2008), o alumnado deberá superar a proba terminal de certificación do nivel básico, e ao remate do módulo 9 o alumnado deberá superar a proba terminal de certificación do nivel intermedio. Estas probas son unificadas para todo o alumnado que curse ensinanzas de idiomas de réxime especial, independentemente da modalidade (presencial ou a distancia) cursada.



** O alumnado que teña pendente a recuperación unicamente do módulo 7 do plan 2008 e non desexe matricularse no curso seguinte (segundo curso de nivel intermedio) poderá inscribirse como repetidor do primeiro curso de nivel intermedio do plan 2008 de *That's English!* e disporá das convocatorias de decembro, xuño e setembro para superar o devandito módulo.

O alumnado que se matricule no segundo curso do nivel intermedio (módulos 8 e 9) co módulo 7 pendente deberá superar o módulo 7 na convocatoria de decembro para ser avaliado dos módulos do segundo curso de dito nivel.

1.4. O alumnado de *That's English!* non terá que facer efectivo o pagamento de prezos públicos para a realización das probas terminais de certificación correspondentes ao nivel no que estea matriculado. A superación destas probas dará lugar á expedición do certificado de nivel básico (ao remate do módulo 4 do plan 2011 ou na recuperación prevista para as persoas co módulo 5 do plan 2008 pendente), ou do certificado de nivel intermedio (ao remate do módulo 9) das ensinanzas de idiomas de réxime especial do idioma inglés.

2. CRITERIOS DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

2.1. Para acceder a estas ensinanzas é requisito imprescindible ter dezaseis anos cumpridos no ano que se inicien os estudos. Así mesmo, poderán acceder as persoas maiores de catorce anos se o idioma inglés non é a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria.

Ademais, teranse en conta os seguintes requisitos académicos:

2.1.1. Nivel básico

2.1.1.1. Para poder matricularse no segundo curso do nivel básico, o alumnado deberá cumprir e acreditar algunha das seguintes condicións:

- Ter superado o primeiro curso de nivel básico de inglés das ensinanzas de idiomas de réxime especial (independentemente da modalidade cursada, presencial ou a distancia).
- Ter superado o módulo 1 que forma parte do primeiro curso de nivel básico do plan 2011 de *That's English!* Neste caso será preciso que o/a alumno/a supere o módulo 2 na convocatoria de decembro para ser avaliado/a nos módulos do segundo curso do nivel básico.
- Ter superados os módulos 1 e 2 que forman parte do primeiro curso do nivel básico do plan 2008 de *That's English!*
- Ter superado o primeiro curso do ciclo elemental das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 967/1988, do 2 de setembro.



- Obter acceso ao segundo curso de nivel básico na Valoración Inicial do Alumnado (VIA), de acordo co que se cita no apartado 2.1.3.

2.1.2. Nivel intermedio

2.1.2.1. Para acceder ao primeiro curso do nivel intermedio de inglés das ensinanzas de idiomas de réxime especial na modalidade a distancia será preciso cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do Título de Bacharel se o inglés foi o idioma cursado como primeira lingua estranxeira.
- Ter superado os módulos 1 a 5 do nivel básico do plan 2008 do programa *That's English!*
- Ter superado os módulos 1 ao 4 do nivel básico do plan 2011 de *That's English!*
- Estar en posesión do certificado acreditativo de ter superado o nivel básico.
- Ter superado o segundo curso do ciclo elemental das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 967/1988, do 2 de setembro.
- Obter acceso ao primeiro curso do nivel intermedio na Valoración Inicial do Alumnado (VIA), de acordo co que se cita no apartado 2.1.3.

2.1.2.2. Para poder matricularse no segundo curso do nivel intermedio, o alumnado deberá cumprir e acreditar algunha das seguintes condicións:

- Ter superado o primeiro curso do nivel intermedio de inglés das ensinanzas de idiomas de réxime especial en calquera das súas modalidades, presencial ou a distancia.
- Ter superado o módulo 6 que forma parte do primeiro curso do nivel intermedio do plan 2008 do programa *That's English!* Neste caso será preciso que o/a alumno/a supere o módulo 7 na convocatoria de decembro para ser avaliado/a nos módulos do segundo curso do nivel intermedio.
- Obter acceso ao segundo curso do nivel intermedio na Valoración Inicial do Alumnado (VIA), de acordo co que se cita no apartado 2.1.3.

2.1.3. Proba VIA (Valoración Inicial do Alumnado)

En calquera caso, poderá acceder ao curso que corresponda do nivel básico ou intermedio quen, cumprindo cos requisitos establecidos no artigo 59.2 da Lei Orgánica 2/2006, de Educación, poida acreditar o dominio de competencias suficientes no idioma inglés mediante a Valoración Inicial do Alumnado (VIA),



prevista no artigo 3 da Orde ESD/1742/2008, do 17 de xuño (BOE de 19 de xuño de 2008). Dita proba será elaborada polos departamentos de inglés das EEOOI de Galicia de acordo coas normas e criterios establecidos para as probas de clasificación, e vai dirixida a aquelas persoas que, tendo coñecementos previos de inglés, desexen acceder a un curso do programa *That's English!* distinto de primeiro de nivel básico, e se desenvolverá de acordo cos seguintes puntos:

- As escolas oficiais de idiomas administrarán a proba VIA o **30 de setembro de 2013, ás 18:00 horas**, antes de finalizar o período de matrícula establecido, nos centros autorizados, preferentemente naqueles que sexan centros de apoio administrativo.
- O resultado da proba de clasificación ordinaria de lingua inglesa realizada nas EEOOI de Galicia terá a mesma consideración que a proba VIA.
- O resultado da proba VIA permitirá o acceso, segundo proceda, ao curso que se indique. Este resultado non producirá, en ningún caso, efectos académicos.
- Unha vez formalizada a matrícula no curso ou que corresponda tras a realización da proba VIA, os seus efectos serán de aplicación en calquera das escolas oficiais de idiomas e centros autorizados para impartir o programa *That's English!* Con este fin, o centro no que se realice a proba e a matrícula correspondente, poderá expedir, a instancia do/a interesado/a, unha certificación desta circunstancia.
- O resultado da proba VIA terá validez para o curso 2013-2014.
- Quen solicite realizar dita proba deberá efectuar a preinscrición no curso ao que desexe acceder. Unha vez coñecidos os resultados da proba, que se realizará antes de finalizar o período de matrícula, procederán, se é o caso, ao pagamento e formalización definitiva da matrícula e á solicitude dos materiais didácticos.

2.2. O alumnado que estea matriculado no segundo curso do nivel básico do plan 2011 de *That's English!*, unha vez superado o módulo 3, examínase do módulo 4 en xuño ou setembro, se é o caso, mediante a proba de certificación de nivel que, de ser superada, suporá a obtención do certificado de dito nivel. Deste xeito, se o/a alumno/a non supera a proba de certificación terá a posibilidade de repetir curso ao ano seguinte, pois poderá matricularse no módulo 4 como repetidor/a.

O alumnado que teña pendente o módulo 5 do plan 2008 de *That's English!* deberá presentarse á proba de certificación de nivel básico, que, de superala, lle proporcionará o seu certificado de nivel básico.



O alumnado que teña pendente a recuperación unicamente do módulo 7 do plan 2008 e non desexe matricularse no curso seguinte (segundo curso de nivel intermedio) poderá inscribirse como repetidor do primeiro curso de nivel intermedio do plan 2008 de *That's English!* e disporá das convocatorias de decembro, xuño e setembro para superar o devandito módulo.

O alumnado que estea matriculado no segundo curso do nivel intermedio do plan 2008 de *That's English!*, unha vez superado o módulo 8, examinarase do módulo 9 en xuño ou setembro, se é o caso, mediante a proba de certificación de nivel intermedio, que, de ser superada, suporá a obtención do certificado de dito nivel. Deste xeito, se o/a alumno/a non supera a proba de certificación terá a posibilidade de repetir curso ao ano seguinte, pois poderá matricularse no módulo 9 como repetidor/a.

2.3. Na primeira semana do mes de setembro de 2014 convocaranse as probas de recuperación de todos os módulos, destinadas ao alumnado que tivera estado matriculado no curso 2013-2014 e teña algún módulo sen superar.

Ao obxecto de transmitir unha correcta información ao alumnado, a persoa coordinadora do programa, de acordo co profesorado e previo coñecemento da inspección educativa, fixará o calendario de probas de recuperación antes de finalizar o mes de outubro.

2.4. O alumnado de *That's English!* terá a consideración de alumnado oficial da escola oficial de idiomas na que estea matriculado a todos os efectos. Se o seu centro de apoio titorial fose un IES, terá a consideración de alumnado oficial da escola oficial de idiomas da que dependa como centro administrativo o IES.

2.5. Non se poderán cursar ao mesmo tempo as ensinanzas de idiomas de réxime especial de inglés polas modalidades presencial e a distancia. Cando se detecte duplicidade de expedientes deberá procederse de xeito que o alumnado opte por unha das dúas modalidades, renunciando voluntariamente a unha delas.

3. MATRÍCULA

3.1. No curso académico 2013-2014, o alumnado poderá matricularse nos seguintes cursos das ensinanzas de inglés de réxime especial na modalidade de educación a distancia:

- 1º curso de nivel básico (módulos 1 e 2), 2º curso de nivel básico (módulos 3 e 4) e 1º de nivel intermedio (novos módulos 5 e 6) consonte o plan de estudos 2011 para *That's English!* No curso 2013-2014 queda extinguido o 1º curso de nivel intermedio correspondente ao plan de



estudos de 2008, e non existirá, polo tanto, apoio titorial para o módulo 7 de dito plan.

- 2º curso de nivel intermedio (módulos 8 e 9) consonte o plan de estudos para *That's English!* do ano 2008.

Estes cursos terán a mesma validez académica que os que se imparten actualmente nas escolas oficiais de idiomas e as súas seccións na modalidade presencial.

3.2. As datas de matrícula serán **do 9 de setembro ao 18 de outubro de 2013**, sen prexuízo de que se poida habilitar un prazo extraordinario de matrícula con posterioridade de existiren prazas dispoñibles.

3.3. O alumnado inscrito no programa *That's English!* poderá solicitar, a través do centro de apoio titorial no que estea matriculado, a renuncia ás convocatorias correspondentes ao curso no que estea matriculado, con anterioridade á primeira convocatoria de avaliación de cada curso. A aceptación desta solicitude de renuncia non lle dá dereito á devolución do importe nin dos materiais correspondentes ao curso e permitiralle matricularse o curso seguinte sen efectuar de novo o pagamento correspondente ao material didáctico.

A anulación non será válida para o alumnado que se matricule no curso 2013-2014 no segundo curso do nivel intermedio, pois os materiais non serán válidos para o próximo curso.

3.4. Prezos públicos

3.4.1. Ao realizar a inscrición, o alumnado que se matricule por primeira vez nun curso deberá abonar a cantidade de 182€. A inscrición dará dereito aos medios didácticos postos a disposición do alumnado para cada curso, ademais do apoio titorial.

3.4.2. O alumnado que, tendo aprobado o módulo 3 correspondente ao plan 2008, se matricule por primeira vez do módulo 4 (segundo curso do nivel básico), aboará o 50% dos 182€.

O alumnado que, tendo aprobado o módulo 5 correspondente ao plan 2008, se matricule por primeira vez do módulo 6 (primeiro curso do nivel intermedio) aboará o 50% dos 182€.

Ambos os dous casos se consideran como **matrícula especial e non son compatibles coa aplicación doutros descontos.**



3.4.3. Ao alumnado repetidor dos módulos 1 e 2, que xa dispoñía do material didáctico, proporcionaráselle a guía do alumnado e os cadernos de actividades, e aboará 41€ ao formalizar a súa inscrición.

Ao alumnado repetidor dos módulos 3 e 4, que xa dispoñía do material didáctico, proporcionaráselle a guía do alumnado e os cadernos de actividades, e aboará 41€ ao formalizar a súa inscrición.

Ao alumnado repetidor dos módulos 5 e 6, que xa dispoñía do material didáctico, proporcionaráselle o novo material dos módulos 5 e 6, e aboará 41€ ao formalizar a súa inscrición.

Ao alumnado repetidor do módulo 7 que dedica matricularse unicamente dese módulo, proporcionaráselle a guía do alumnado e o caderno de actividades, e aboará 41€ ao formalizar a súa inscrición. Este alumnado non disporá de titorías presenciais.

Ao alumnado repetidor dos módulos 8 e 9, que xa dispoñía do material didáctico, proporcionaráselle a guía do alumnado e o caderno de actividades do módulo do que sea repetidor, e aboará 41€ ao formalizar a súa inscrición.

Nos apartados 3.7 a 3.11 desta circular regúlanse os descontos que se deben ter en conta na matrícula.

A inscrición, en calquera caso, quedará formalizada unha vez realizado o pagamento do material didáctico de cada curso e cando o formulario, debidamente validado pola entidade bancaria, sexa entregado no centro de apoio administrativo correspondente. Dita entrega realizarase dentro dos prazos establecidos. Nese momento o/a alumno/a recibirá o material didáctico que corresponda.

3.5. Centro de matrícula, traslado de expediente e traslado de matrícula viva

3.5.1. O alumnado matriculado no curso académico 2012-2013 nun centro determinado ten asegurada a praza para proseguir os seus estudos no mesmo centro. Cando o alumnado matriculado no curso 2012-2013 solicite praza para proseguir os seus estudos noutro centro, poderase acceder á súa petición sempre que existan prazas libres no devandito centro e gozará de dereito preferente sobre o alumnado que se matricule por primeira vez no programa *That's English!*

3.5.2. A secretaría do centro de orixe fará unha preinscrición do/a alumno/a que solicita o traslado para garantir a súa continuidade no programa e porase en contacto co centro de destino para coñecer se dispón de praza. En caso afirmativo, facilitará os datos de preinscrición para que sexan tidos en conta



nese centro. Esta preinscrición será tan só a efectos de garantir a praza no centro de destino.

3.5.3. Concluído este proceso, comunicarase ao/á alumno/a a concesión ou denegación do traslado para que poida formalizar a matrícula no centro solicitado, en caso afirmativo, ou facer firme a inscrición no propio centro, en caso negativo.

3.5.4. A matrícula non poderá facerse efectiva no centro en tanto o/a alumno/a non realice a súa inscrición definitiva e o centro de destino non reciba a documentación/expediente do alumno do centro de orixe. Unha vez confirmada a recepción do expediente, procederase a dar de baixa ao/á alumno/a no centro de orixe.

3.5.5. As solicitudes de traslado de matrícula viva por cambio de residencia do/a alumno/a durante o curso académico tramitaranse seguindo este mesmo procedemento.

3.5.6. Non é posible solicitar o traslado de matrícula viva entre *That's English!* e a modalidade oficial presencial durante o curso académico.

3.5.7. Se un/ha alumno/a de *That's English!* desexase continuar os seus estudos na modalidade presencial dentro do mesmo centro ou noutro, para o seu acceso a esta modalidade terase en conta a súa condición de alumno/a oficial, e deberá seguir o procedemento e prazos establecidos para a matrícula do alumnado presencial na escola correspondente.

3.6. A matrícula realizarase na secretaría das escolas oficiais de idiomas que sexan centros de apoio administrativo. O alumnado presentará, no centro de apoio administrativo que elixa, o impreso de matrícula debidamente cumprimentado en todos os seus apartados, achegando unha fotocopia do DNI, e ademais:

- a) Se se matricula por primeira vez no primeiro curso de nivel intermedio na modalidade a distancia, fotocopia compulsada que acredite cumprir calquera dos requisitos que se especifican no apartado 2.1.2.1.
- b) Se se matricula en segundo curso do nivel básico ou do nivel intermedio:
 - Se xa foi alumno/a de *That's English!* e ten superado o primeiro curso do correspondente nivel, ou lle resta para iso un módulo, fotocopia do boletín de cualificacións.
 - Se ten superado o primeiro curso do correspondente nivel en calquera EOI na modalidade presencial, certificación académica oficial expedida polo centro no que cursou os seus estudos.



- c) Se é alumno/a repetidor/a dalgún dos cursos do programa, fotocopia do boletín informativo de cualificacións.
- d) Se solicitou a renuncia ás convocatorias do curso anterior, certificado de concesión da mesma por parte da dirección da EOI.

No centro de apoio administrativo comprobarase que o/a solicitante reúne os requisitos esixidos e, en caso afirmativo, selarase o impreso de matrícula. A continuación, o/a solicitante procederá a facer efectivo o importe do material didáctico na entidade bancaria establecida a tal fin.

Unha vez realizada a inscrición, o alumnado disporá de tres días naturais a partir do seguinte á realización desta para presentar a documentación pertinente no centro. Transcurrido este prazo carecerá de efectos a inscrición.

O alumnado que solicite a realización da proba de Valoración Inicial do Alumnado non poderá formalizar a súa inscrición ata coñecer os resultados. Unha vez coñecidos, o alumnado disporá de tres días naturais para formalizar a súa inscrición definitiva no curso. Transcurrido este prazo carecerá de efectos a inscrición realizada.

3.7. O alumnado que estea en posesión do Título oficial de familia numerosa terá dereito á exención parcial ou total do pago do custo de matrícula e do material didáctico posto a disposición do alumnado, segundo a categoría:

- 1ª categoría (familias de 3 ou 4 fillos): redución do 50% (aboará 91€)
- 2ª categoría (familias con 5 ou máis fillos): exención total.

O alumnado que solicite exercer este dereito debe acreditar a súa condición, achegando o correspondente Título oficial de familia numerosa actualizado, expedido pola Comunidade Autónoma, xunto con fotocopia que, unha vez cotexada co orixinal, quedará arquivada no expediente do/a alumno/a.

3.8. Todo o persoal (funcionario, interino ou laboral) de centros públicos nos que se imparten ensinanzas de réxime xeral ou de réxime especial que desexe inscribirse neste programa terá dereito a unha redución do 50% sobre o prezo total. Deberá presentar na secretaría da Escola Oficial de Idiomas unha certificación, expedida pola dirección do centro público no que estea destinado, da súa condición de persoal en activo.

3.9. As persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33% estarán exentas do pagamento ao 100% de calquera pago por materiais didácticos. Para acreditar esta situación, deberá presentar fotocopia do certificado de minusvalía polo órgano correspondente.



3.10 O alumnado recoñecido como vítima do terrorismo estará exento de pagamento, para acreditar esta condición deberá presentar o informe preceptivo do Ministerio do Interior.

3.11. O/A alumno/a que forme parte dunha unidade familiar (pais/nais e fillos/as, irmáns/ás, cónxuxes e parellas de feito), na que algún dos seus membros teña estado ou estea inscrito no programa, só aboará a cantidade de CORENTA E UN EUROS (41,00€). Para isto deberá acreditar tal circunstancia mediante fotocopia do Libro de Familia ou documento equivalente e o resguardo de inscrición do membro que adquiriu os materiais do curso no que se inscribe a persoa interesada en *That's English!* que será do mesmo nivel.

Este desconto só é válido para o alumnado matriculado nos plans 2008 e 2011 de *That's English!* con familiares matriculados no mesmo curso e plan de estudos. Este alumnado recibirá o caderno de actividades e a guía do alumnado.

De xeito excepcional e por motivo do cambio de plan de estudos, en 2013-2014 o alumnado que se vaia matricular no primeiro curso do nivel intermedio do plan 2011 e cuxo familiar estivese matriculado no curso 2012-2013 no primeiro curso do nivel intermedio do plan 2008 recibirá todo o pack de materiais.

3.12 As reducións contempladas nos apartados 3.7 a 3.11 non son acumulables entre si nin aplicables ao alumnado repetidor. Así mesmo, non son compatibles coa matrícula especial.

3.13. Cada centro de apoio administrativo poderá ter asignados como centros de apoio titorial varios centros autorizados para impartir ensinanzas do idioma inglés a distancia. O alumnado, xunto co impreso de matrícula, recibirá a relación dos centros de apoio titorial que correspondan ao centro de apoio administrativo que teña elixido.

3.14. O alumnado matriculado no programa *That's English!* terá garantido o apoio titorial durante todo o curso académico, a excepción do extinguido módulo 7, que só dará dereito a realizar ás probas de recuperación de dito módulo.

Ao cumprimentar o impreso de matrícula, o alumnado deberá consignar por orde de preferencia aqueles centros nos que prefira recibir a atención titorial. No suposto de existir maior demanda que oferta para un ou varios centros, as prazas asignaranse por orde de solicitude de inscrición, coa excepción prevista no apartado 3.5 para o alumnado que xa estivese matriculado durante o curso 2012-2013, quen terá asegurada a súa praza nas condicións previstas; e o alumnado procedente de traslado desde outro centro, que gozará de carácter preferente.



3.15. Finalizado o prazo de matrícula, os centros de apoio administrativo elaborarán unha lista definitiva de alumnado matriculado que deberá facerse pública.

3.16. Devolución de matrícula.

3.16.1 Unha vez formalizada a matrícula, só procederá a devolución do importe ingresado en concepto de medios didácticos, no suposto de que dita matrícula deba ser anulada por causas xustificadas, non imputables ao/á interesado/a e antes do 16 de decembro de 2013. Os centros de apoio administrativo non tramitarán ningunha solicitude recibida despois desta data

3.16.2. O procedemento a seguir para tramitar a devolución de matrícula será o seguinte:

- a) O/A alumno/a presentará no centro de apoio administrativo no que formalizou a súa inscrición a correspondente instancia de solicitude debidamente motivada e, no seu caso, xustificada documentalmente, xunto co orixinal do "Exemplar para o/a alumno/a" do impreso de matrícula e copia do DNI.
- b) A instancia será informada favorablemente ou non pola dirección do centro. Como norma xeral, só procederá a devolución cando sexa debida a causas non imputables ao/á interesado/a.
- c) A instancia, xunto co informe da dirección do centro, será remitida no prazo de 15 días ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Edificio Administrativo San Caetano s/n, bloque 2, 3º andar, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).
- d) Cando proceda a devolución, faranse as xestións necesarias para que lle sexa reintegrada ao/á alumno/a a cantidade aboada, mediante cheque nominativo a favor do/a interesado/a, que ou ben lle será entregado no centro de apoio administrativo previa devolución do material didáctico en perfecto estado, ou ben se remitirá directamente á persoa interesada. Cando non proceda a devolución, comunicarase á persoa interesada a través do centro de apoio administrativo ou do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial.

4. CENTROS

4.1. Os niveis básico e intermedio das ensinanzas de inglés de réxime especial impartiranse na modalidade de educación a distancia a través das escolas



oficiais de idiomas e IES autorizados para ese efecto. Ditos centros figuran no anexo I a esta circular.

4.2. Son centros de apoio administrativo a EOI da Coruña, a EOI de Lugo, a EOI de Ourense, a EOI de Pontevedra e a EOI de Vigo; os demais centros terán a consideración de centros de apoio tutorial da EOI á que estean adscritos por criterios de proximidade xeográfica. Os centros de apoio administrativo emitirán as certificacións oficiais do alumnado que estea a recibir a titoría nos centros adscritos.

4.3. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elaborará a proposta de autorización dos novos centros públicos que poidan impartir estas ensinanzas. Os centros autorizados deberán adquirir o compromiso de impartir esta modalidade educativa durante todo o curso académico. O equipo directivo do centro será responsable do funcionamento destes ensinanzas en canto ás competencias que ten encomendadas con carácter xeral.

4.4. Os procedementos académicos e administrativos correspondentes a esta modalidade de ensino son os mesmos que os da modalidade presencial, coas excepcións impostas polas características específicas desta, no referente a matriculación e certificacións.

4.5. A programación anual de cada centro incluírá un apartado dedicado a esta modalidade de ensino no que se detallen todos os seus aspectos académicos e administrativos.

4.6. Os servizos provinciais de Inspección de Educación velarán polo cumprimento das normas que rexen estas ensinanzas e cantas outras de índole administrativo, académico ou disciplinario que, reguladas con carácter xeral, poidan incidir nesta modalidade educativa.

4.7. Os centros autorizados deben garantir quendas de tarde e noite, e se existira dispoñibilidade de espazos e demanda de alumnado, tamén se poderán establecer quendas de mañá co fin de proporcionar a adecuada atención tutorial ao alumnado.

5. PROFESORADO

5.1. O profesorado estará constituído por persoal funcionario do corpo de profesorado de EOI. Tamén poderá impartir o programa profesorado de inglés do corpo de profesorado de ensino secundario, que deberá coordinarse coa escola oficial de idiomas da que dependa naqueles temas que afecten ao desenvolvemento do programa, e en especial á avaliación do alumnado, tendo



en conta o Decreto 191/2007, do 20 de setembro (DOG do 20 de outubro), a Orde do 8 de setembro de 2008, modificada pola Orde do 19 de abril de 2012 (DOG do 30 de abril) pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (DOG do 26 de setembro), os documentos de especificacións e as guías para as persoas candidatas das probas de certificación dos niveis básico e intermedio.

5.2. O horario de sesións de práctica oral e atención titorial de cada grupo de alumnado farase público no centro.

5.3. A dedicación horaria de cada titor/a deberá garantir unha sesión, dunha hora e media semanal, de práctica oral con cada un dos grupos de alumnado que lle correspondan, así como o tempo necesario para realizar as tarefas de titoría (incluída a titoría telemática se a houbese), revisión de actividades, elaboración de probas e avaliación. As características do programa non permiten dividir este número de horas entre dous ou máis profesores/as.

5.4. Para facilitar as tarefas docentes e de xestión, en todos os centros de apoio administrativo nomearase un/ha profesor/a coordinador/a das actividades do programa no propio centro e nos de apoio titorial adscritos a este.

5.5. O/A coordinador/a terá que ser, preferentemente, unha persoa usuaria avanzada das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC). Cada coordinador/a, ademais da atención titorial de polo menos a un grupo de alumnado de acordo coas directrices dos órganos de coordinación docente establecidos no centro, desempeñará as seguintes funcións:

- a) Convocará reunións con todo o profesorado titor da modalidade do seu propio centro e dos centros de apoio titorial adscritos a este, para planificar e programar o curso 2013-2014.
- b) Informará sobre as características da modalidade (aspectos didácticos, metodolóxicos, académicos e administrativos), programación cuatrimestral de cada módulo e medios didácticos que utiliza o alumnado: libros de texto, caderno de actividades, programas de televisión, DVDs, CDs de audio, CD-ROMs, plataforma *e-learning*, etc.
- c) Elaborará xunto co profesorado adscrito á modalidade e en colaboración co equipo directivo do centro, o calendario e horario de titorías presenciais, facéndoo público para coñecemento xeral do alumnado.
- d) Entregará ao profesorado titor o horario previsto para o curso e os medios didácticos de cada curso que impartan.



- e) Recibirá os materiais didácticos do alumnado e do profesorado, elaborados para estas ensinanzas, e coordinará a súa entrega seguindo as directrices do equipo directivo.
- f) Convocará ao alumnado, xunto co profesorado titor, para facilitar información xeral sobre:
- Presentación do profesorado titor de cada curso.
 - Aspectos didácticos e metodolóxicos da educación a distancia.
 - Horario de titorías.
 - Aulas asignadas para esta modalidade.
 - Medios didácticos.
 - Información académica e administrativa contida na Guía do alumnado.
- g) Coordinará, xunto coa xefatura do departamento de inglés do centro e o resto do profesorado titor con dedicación a esta oferta, a elaboración das probas presenciais de avaliación e recuperación para cada un dos módulos do programa.
- h) Organizará o calendario de avaliacións e recuperacións consonte os seguintes procedementos:
- Elaborará o calendario de avaliacións e recuperacións a principio de curso, de acordo coas datas previstas nesta circular e na Guía do alumnado, e farao público para coñecemento xeral do alumnado.
 - Coordinará que a información do calendario previsto se envíe a todo o alumnado.
 - Coordinará o desenvolvemento das probas de avaliación e recuperación de cada módulo.
 - Coordinará o envío de cualificacións, mediante o boletín informativo a todo o alumnado matriculado, en cada unha das avaliacións, incluída a extraordinaria.
- i) Velará polo cumprimento da normativa establecida sobre organización e funcionamento do programa *That's English!*
- j) Realizará calquera outra función en relación co programa *That's English!* que lle sexa asignada pola dirección do centro.

5.6. O profesorado adquirirá o compromiso de impartir as titorías, supervisar actividades, elaborar e aplicar as probas de avaliación, cualificalas e asinar os documentos académicos e administrativos que sexan necesarios.



6. ATENCIÓN TITORIAL

6.1. O alumnado disporá do apoio de profesorado especialista no ensino do idioma inglés.

6.2. A acción titorial do profesorado terá lugar, fundamentalmente, en sesións presenciais semanais dunha hora e media de duración.

As sesións presenciais de apoio titorial de hora e media serán colectivas e de asistencia voluntaria para o alumnado que teña asignado cada titor.

6.3. As sesións de titoría estarán destinadas a:

- Favorecer o desenvolvemento da destreza comunicativa de expresión oral e a súa integración coas outras destrezas no contexto dunha tarefa de interacción.
- Orientar nas técnicas e estratexias que faciliten o proceso de aprendizaxe do idioma inglés, así como anticiparse ás dificultades que lle poidan xurdir ao alumnado para axudalo a superalas.

6.4. Sempre que as ferramentas dispoñibles na plataforma *e-learning* de *That's English!* o permitan, as titorías presenciais poderán complementarse con titorías telemáticas.

6.5. No curso 2013-2014 non existirá apoio titorial para o módulo 7, por extinguirse o 1º curso do nivel intermedio consonte o plan de estudos 2008 para *That's English!* Mantense, non obstante, o dereito a realizar a proba de recuperación para aquel alumnado que se matricule do módulo 7 por telo pendente do plan anterior.

7. FORMACIÓN DO PROFESORADO

7.1. Para o profesorado que imparta estas ensinanzas, o Centro para la Innovación y Desarrollo de la Educación a Distancia (CIDEAD) ofrecerá unha formación específica para uso e manexo da web actual e da nova plataforma *e-Learning*. Esta formación realizarase mediante un curso en liña, con titoría telemática, no que se abordarán distintos aspectos relacionados co coñecemento desta plataforma onde estarán aloxados os materiais de Básico 1 e Básico 2 do plan de estudos 2011 de *That's English!*, coa educación a distancia e coas tecnoloxías da información e a comunicación. A formación levarase a cabo unha vez están implementadas todas as ferramentas da persoa titora.



8. MEDIOS DIDÁCTICOS

8.1. A distribución dos medios didácticos será dirixida polo Centro para la Innovación y Desarrollo de la Educación a Distancia (CIDEAD).

8.2. No curso 2013-2014 estarán dispoñibles para o alumnado matriculado todos os materiais seguintes en setembro de 2013:

8.2.1. 1º curso do nivel básico (plan de estudos 2011)

Pack que inclúe:

- Libro de texto + CD audio por módulo, libro de vocabulario e gramática do curso, DVD cos programas de TV de ambos os módulos do curso e guía do alumnado.
- O alumnado que repita os módulos 1 e/ou 2 do 1º curso de nivel básico recibirá o caderno de actividades e a guía do alumnado.

8.2.2. 2º curso do nivel básico (plan de estudos 2011)

Pack que inclúe:

- Libro de texto + CD audio por módulo, libro de vocabulario e gramática do curso, DVD cos programas de TV de ambos os módulos do curso e guía do alumnado.
- O alumnado que repita os módulos 3 e/ou 4 do 2º curso de nivel básico recibirá o caderno de actividades e a guía do alumnado.
- O alumnado que repita o módulo 5 do 2º curso do nivel básico do plan 2008 recibirá o caderno de actividades e a guía do alumnado.

8.2.3. 1º curso do nivel intermedio (plan de estudos 2011)

Pack que inclúe:

- Libro de texto + CD audio por módulo, libro de vocabulario e gramática do curso, DVD cos programas de TV de ambos os módulos do curso e guía do alumnado.
- O alumnado que repita os módulos 5 e 6 recibirá o pack completo de materiais.
- O alumnado que repita o módulo 7 do 1º curso de nivel intermedio do plan 2008 recibirá o caderno de actividades e a guía do alumnado.

8.2.4. 2º curso do nivel intermedio (plan de estudos 2008)



O/A alumno/a recibirá os seguintes materiais:

- Guía do alumnado
- Un libro de texto para cada módulo.
- Un CD de audio para cada módulo.
- Un pack de DVD cos programas de TV.
- Un CD ROM con actividades multimedia por cada módulo.
- Un caderno de actividades.

O alumnado que repita curso recibirá un caderno de actividades e a guía do alumnado para complemtnar e facilitar a práctica dos diferentes aspectos do curso.

8.3. Todo o alumnado terá dereito ás titorías presenciais e acceso gratuíto á plataforma *e-learning* (en fase de proba e pilotaxe) como ferramenta de apoio do material didáctico entregado noutros formatos e correspondente a cada curso.

8.4. Os medios didácticos do programa destinaranse exclusivamente ás persoas que se matriculen nas ensinanzas oficiais de educación a distancia do programa *That's English!*

9. AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN

9.1. A avaliación desta modalidade das ensinanzas de idiomas de réxime especial terá como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nos currículos correspondentes ao nivel básico e intermedio na modalidade a distancia, e estará centrada nas catro destrezas comunicativas, polo que as probas elaboradas deberán verificar o grao de dominio en cada unha destas destrezas.

9.2. As probas presenciais de avaliación e recuperación para os módulos 1, 2, 3, 6, 7 e 8 do programa *That's English!* serán elaboradas polo profesorado adscrito ao programa. No caso dos módulos 4 (plan 2011) e o módulo 5 pendente do plan de estudos 2008, así como no módulo 9, o alumnado deberá superar as probas terminais de certificación de nivel básico e de nivel intermedio, respectivamente.

9.3. As probas terán lugar nas escolas oficiais de idiomas e nos centros de apoio titorial autorizados para impartir estas ensinanzas e serán aplicadas polo profesorado que exerce a atención titorial no programa. O alumnado dependente dun centro titorial que non sexa unha EOI realizará as probas terminais para a certificación do nivel básico e intermedio de idioma inglés na EOI ou sección máis próxima, segundo o anexo II a esta Circular. As probas de



certificación administraranse nas datas e segundo as especificacións establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

9.4. O calendario de exames e avaliacións no curso 2013-2014 adecuarase ao establecido na táboa seguinte:

CALENDARIO DE EXAMES E AVALIACIÓNS				
Curso 2013-2014				
	Decembro 2013	Febreiro 2014	Xuño 2014	Setembro 2014
Nivel básico	Recuperación Módulo 2(*)	Módulo 1	Módulo 2	Recuperación Módulo 1
		Módulo 3	Módulo 4 Recuperación Módulo 5 (plan 2008) (proba de certificación do nivel básico)	Recuperación Módulo 2
			Recuperación Módulo 1	Recuperación Módulo 3
			Recuperación Módulo 3	Recuperación Módulo 4 Recuperación Módulo 5 (plan 2008) (proba de certificación do nivel básico)

Nivel intermedio	Recuperación Módulo 7(*)(**)	Módulo 5 (plan 2011)	Módulo 6	Recuperación Módulo 5 (plan 2011)
		Módulo 8	Módulo 9 (proba de certificación do nivel intermedio)	Recuperación Módulo 6
			Recuperación Módulo 5 (plan 2011)	Recuperación Módulo 7(*)(**)
			Recuperación Módulo 7(*)(**)	Recuperación Módulo 8
			Recuperación Módulo 8	Recuperación Módulo 9 (proba de certificación do nivel intermedio)




- * Recuperación para o alumnado repetidor co módulo pendente, que debe superar este módulo para poder presentarse ao módulo superior.
- ** Recuperación para o alumnado repetidor co módulo pendente, sen dereito a apoio titorial.

9.5. A superación de cada módulo dará lugar a unha acreditación que garantirá a validez permanente das probas superadas, a efectos desta modalidade educativa.

9.6. A escola oficial de idiomas da que dependa cada centro de apoio titorial ou administrativo expedirá os certificados de nivel básico e nivel intermedio das ensinanzas de idiomas de réxime especial ao alumnado de *That's English!* que supere os niveis correspondentes.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2013

O director xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa


Manuel Corredoira Lopez





ANEXO I

CENTROS PARTICIPANTES NO PROGRAMA *THAT'S ENGLISH!*

CÓDIGO	CENTRO DE APOIO TITORIAL	CENTRO DE APOIO ADMINISTRATIVO
921	EOI da Coruña	EOI da Coruña Pepín Rivero, 1 15011 A Coruña Teléfono: 981 268930
925	EOI de Ferrol	
943	EOI de Santiago de Compostela	
927	IES "Agra de Raíces" (Cee)	
928	IES Nº 1 (Ribeira)	
946	Sección EOI Carballo	
948	IES de Melide	
922	EOI de Lugo	EOI de Lugo Ronda José Castiñeira nº 1 27002 Lugo Teléfono: 982 221720
930	EOI de Viveiro	
934	IES "San Rosendo" (Mondoñedo)	
940	EOI de Ribadeo	
923	EOI de Ourense	EOI de Ourense Mestre Vide, s/n 32004 Ourense Teléfono: 988 366245
935	IES "Martaguisela" (O Barco de Valdeorras)	
936	IES "Xesús Taboada Chivite" (Verín)	
945	IES "Carlos Casares" (Viana do Bolo)	
941	IES "Cidade de Antioquía" (Xinzo de Limia)	
924	EOI de Pontevedra	EOI de Pontevedra Celso Emilio Ferreiro s/n 36005 Pontevedra Teléfono: 986 834994
938	IES "Ramón M ^a Aller Ulloa" (Lalín)	
931	EOI de Vilagarcía de Arousa	
937	EOI de Vigo	EOI de Vigo Emilio Martínez Garrido, 17 36205 Vigo (Pontevedra) Teléfono: 986 263220



ANEXO II

CENTROS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN PARA O ALUMNADO DO PROGRAMA *THAT'S ENGLISH!*

CENTRO DE APOIO TITORIAL	CENTRO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN
EOI da Coruña	EOI da Coruña
EOI de Ferrol	EOI de Ferrol
EOI de Santiago de Compostela	EOI de Santiago de Compostela
IES "Agra de Raíces" (Cee)	Sección EOI Cee (IES "Fernando Blanco")
IES Nº 1 (Ribeira)	Sección EOI Ribeira (IES Nº 1)
Sección EOI Carballo	Sección EOI Carballo
IES de Melide	EOI da Coruña
EOI de Lugo	EOI de Lugo
EOI de Viveiro	EOI de Viveiro
IES "San Rosendo" (Mondoñedo)	EOI de Lugo
EOI de Ribadeo	EOI de Ribadeo
EOI de Ourense	EOI de Ourense
IES "Martaguisela" (O Barco de Valdeorras)	Sección EOI O Barco de Valdeorras (IES "Lauro Olmo")
IES "Xesús Taboada Chivite" (Verín)	Sección EOI Verín (IES "García Barbón")
IES "Cidade de Antioquía" (Xinzo de Limia)	Sección EOI Verín (IES "García Barbón")
IES "Carlos Casares" (Viana do Bolo)	Sección EOI O Barco de Valdeorras (IES "Lauro Olmo")
EOI de Pontevedra	EOI de Pontevedra
IES "Ramón M ^a Aller Ulloa" (Lalín)	Sección EOI Lalín (IES "Ramón M ^a Aller Ulloa")
EOI de Vilagarcía de Arousa	EOI de Vilagarcía de Arousa
EOI de Vigo	EOI de Vigo